

TEATRO
SAL MONELA TEATRO
“Mentirosos”

O vindeiro venres día 5 de xuño ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a quinta das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera .Letras Galegas 2009 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra **“Mentirosos”** orixinal de Anthony Neilson a cargo da compañía teatral **SAL MONELA TEATRO** e baixo a dirección de David Gandoy..

Despois do éxito do programa denominado “Primavera Máxica” na que participaron catro dos mellores magos galegos tócalle o turno ao teatro un total de sete representacións das mellores compañías teatrais galegas como son Sarabela Teatro, Redrum Teatro, Lagarta, Lagarta ,Teatro Lope de Vigo , Sal Monela Teatro, Ancora Producións ou a Escola Municipal de Teatro de Culleredo ou entre outras, que pasaran por Culleredo ata mediados do mes de xuño.

Son xa máis de 20 anos de programación teatral estable no Concello de Culleredo. Ao longo deste tempo foron numerosos os esforzos dedicados a poder conseguir consolidar unha oferta teatral regular. Pero a constancia e a perseveranza dan os seus froitos e hoxe Culleredo é un referente neste ámbito artístico: son máis de vinte as representacións teatrais que, entre as tempadas de primavera e outono, se ofrecen ao cada día máis numeroso público.

O vindeiro venres día 5 de xuño ás 20,30 horas, contaremos coa representación da obra “Mentirosos” a cargo da compañía coruñesa Sal-Monela Teatro.

David Gandoy dirixe un elenco formado por Modesto Gómez, M^o José Insua, Gema Domínguez, Lidia Rodríguez, Cristina Freire, david Gandoy, Carlos Villarino, Diego Rodríguez e Irene González.

En “Mentirosos” dous policías en noiteboa intentan cumprir co seu deber sen ferir a ninguén, non se atreven a comunicarlle a unha parella de anciáns o falecemento da súa filla nun accidente de tráfico. Por non danar ao matrimonio os policías inventan mentiras piadosas, e deixan que os malentendidos vaian crescendo ata límites esperpénticos. Acompañánnos cinco personaxes que cos seus peculiares xeitos de ser, axudarán a envolver a madeixa cada vez que aparecen. Trátase dunha comedia cun envoltorio de caramelo pero cun contido non sempre doce, ás veces picante, ás veces ácido e case sempre malintencionado.

Está recomendada para público adulto e a entrada é gratuíta.

Culleredo, 2 de xuño de 2009

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez